

1. OBXECTO

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, desenvolverá do 23 de abril de 2025 ao 4 de maio de 2025, ambos inclusive, a promoción “CAMPAÑA DO DÍA DA NAI 2025” (de aquí en diante CAMPAÑA). Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras e consumos nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios

2. ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas en EMGROBES e C.C.A. “DE TENDAS”, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non participe na campaña non poderá entregar os rañas da promoción nin canxear os premiados cos vales compra.

As bases estarán dispoñibles na páxina web www.ccadetendas.com

3. PREMIOS

Os premios que constitúen a presente campaña serán os seguintes:

OS PREMIOS DOS RAÑAS

SON 1.200 € distribuídos en diferentes vales ou descontos da seguinte maneira:

2 rañas de 50 €, 4 rañas de 30€, 6 rañas de 20€ e 86 rañas de 10€.

ADEMAÍS NOS RAÑAS HABERÁ DISTRIBUIDOS OUTROS AGASALLOS, 400 TAZAS DIA DA NAI

Estes **rañas** premiados poderán ser utilizados como **moeda de pago** polo cliente en calquera momento dende o inicio da campaña ata o día 15 de xuño incluído. O premio deberá ser gastado íntegramente nun solo establecemento e este non poderá darlle cartos de volta ó cliente que canxee o vale premiado.

O establecemento no que se canxea algún raña premiado deberá entregar a Emgrobes para o pago, ese raña cos datos do premiado e o ticket de compra, albarán ou factura no que se canxeou o premio. Emgrobes aboará a través de transferencia o pago deste raña ó establecemento donde se canxeou unha vez comprobado o ticket e o raña entregado.

En canto **ós outros agasallos** serán entregados polos propios establecementos xa que previamente Emgrobes os distribuirá entre os locais participantes na campaña.

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** resérvase o dereito a entregar aos gañadores outro premio de iguais ou similares características.

4. DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas **EMGROBES-CCA DE TENDAS**. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra, consumo ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción (23 de abril ata o 4 de maio, ambos incluídos).

A cada cliente pola súa compra superior a 10€ entregaráselle un ou varios RAÑAS ata un máximo de 5 por compra. Se resulta premiado poderá canxealo en calquera dos establecementos participantes a consultar na web www.ccadetendas.com

Os premios non podes dividirse, deberán canxearse íntegramente no establecemento elixido para o canxeo, que non poderá devolver diñeiro ó ganador. Este Raña premiado deberá estar acompañado dun ticket de compra, e ademáis do selo ou nome do establecemento que o entregou deberá ter escrito o nome e teléfono do premiado.

Os rañas non premiados serán os que ó rañalos pon : Grazas por consumir en O Grove e non Terán validez.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estricto respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

A constatación de calquera circunstancias que implique fraude suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

5. OUTRAS CONDICIÓNS DOS PREMIOS

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** resérvase o dereito a non aceptar tarxetas RAÑAS, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.

O período de reclamacións ao promotor finaliza en 7 días hábiles transcurridos dende a comunicación ao gañador.

8. LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** resérvase o dereito, se concurre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción.

A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, quedará liberado do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométense a admitir a decisión interpretativa que A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** poida

darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/pais) do establecemento onde fora entregada a tarxeta de RAÑA. Dada a imposibilidade material por parte do A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera de elas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado quedando deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no RAÑA gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

9. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, non será responsable se a tarxeta RAÑA é ilexible, incorrecto, está danado, perdeuse, sustraíuse ou calquera outra circunstancia allea ao promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poida deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web na que se publican estas bases.

10. DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES. REPERCUSIÓN FISCAL

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** non se fará cargo dos impostos ou devengos derivados da entrega dos premios da presente promoción, salvo aqueles que por imperativo legal correspóndalle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que corresponda en virtude da lexislación aplicable.

Dado que os importes individuais dos premios da presente promoción non exceden da cantidade de 300€ que obriga á practica da retención según se recolle na Lei 35/2006 de 28 de novembro do IRPF, o Real Decreto 439/2007 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF e o Real Decreto 2004/2009 de 23 de decembro que modifica o anterior, non procede por tanto a realización de retencións por parte da ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puidieran derivarse da obtención do premio.

TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento a L.O.15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, informa de que os datos proporcionados por calquera

medio polos participantes da promoción na web www.ccadetendas.com serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción así como poder informarlle por calquera medio sobre produtos, promocións e servizos con fins publicitarios e de prospección comercial, así como para o uso interno dos mesmos e o envío de comunicacións (a través de chamadas telefónicas, mensaxes sms, mms e correo electrónico) relativos aos aspectos anteriores. Así mesmo, o tratamento de datos incluírá a realización de perfís, segmentacións e enquisas. A realización de tratamentos con fins publicitarios e de prospección comercial implicará facer chegar, por calquera medio información, publicidade e promocións comerciais da ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**.

O consentimento para o tratamento dos datos para as finalidades informadas entenderase prestado de forma manifesta e inequívoca mediante a comunicación dos datos a través da participación nas campañas promocionais tanto a través da web como calquera outro soporte físico.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación escrita via e-mail a emgrobes@emgrobes.org ou enviando ao enderezo Luis casais nº 1-1º 36980 O Grove, Pontevedra (Teléfono de contacto: 986 73 20 11).

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//** adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan á ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe A ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases pola ASOCIACION DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVICIOS **//EMGROBES//**, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cambados, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En O Grove a 14 de abril de 2025